

CONCELLO DE MEIRA

CIF:P2702900H

Praza do concello, s/n

27240 Meira

Lugo

Teléf.: 982 330 102

Fax: 982 104 090

Enderezo electrónico: concello.de.meira@eidolocal.es

BANDO

BONO ACTIVA COMERCIO

O mércores día 14 de abril de 2021 saíu publicada no DOG a orde da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación sobre o Programa de dinamización e incentivación do consumo nos comercios retallistas da Comunidade Autónoma de Galicia a través dos bonos Activa comercio, para incentivar a demanda comercial axudando economicamente ás persoas consumidoras e fomentar o consumo nos establecementos comerciais retallistas adheridos á campaña.

BENEFICIARIOS

Poderán ser persoas beneficiarias das axudas as persoas físicas maiores de idade residentes na Comunidade Autónoma de Galicia.

CARACTERÍSTICAS DO BONO

A través dos bonos Activa comercio subvenciónase a compra de bens nos establecementos comerciais retallistas de Galicia adheridos ao programa.

Cada bono terá a consideración de **bono desconto por un valor de 30 euros** para as compras nos comercios adheridos. O importe do bono irase reducindo, ata o seu esgotamento, en función do valor da compra de acordo cos seguintes criterios:

- Desconto de 5 € en compras iguais ou superiores a 30 € e inferiores a 50 €.
- Desconto de 10 € en compras iguais ou superiores a 50 €.

Cada persoa beneficiaria disporá dun único bono que poderá ser usado nun ou en varios dos comercios retallistas adheridos ao programa.

O programa bonos Activa comercio estará vixente ata o 31 de decembro de 2021.

PRAZO DE SOLICITUDES:

Os **establecementos comerciais retallistas que desexen adherirse** ao programa bonos Activa comercio deberán rexistrarse a través da web <https://www.bonosactivacomercio.gal>. O prazo para adherirse ao programa será dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación da orde no DOG.

Para a solicitude e obtención dos bonos, cada usuario deberá darse de alta na web <https://www.bonosactivacomercio.gal>. Os bonos estarán dispoñibles na citada web para a súa descarga polos usuarios **a partir do 3 de maio e terán una validez de tres meses**.

Para calquera información contactar coa Axente de Emprego e Desenvolvemento Local nos teléfonos 982 34 62 22/982 33 36 01.

Meira, 14 de abril de 2021.

O Alcalde,



Asdo.: Antonio de Dios Alvarez.